

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Maria Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomas Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catorce de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.^a María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D.^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomás Barrientos Morales, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xaneiro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de xaneiro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Presidencia da Xunta de Galicia, Lei 6/2024, de 27 de decembro, de estatística de Galicia. DOG número 4, de 08-01-2025.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de



persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460A). DOG número 4, de 08-01-2025.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídos no Catálogo galego de árbores singulares, e se convocan para o ano 2025 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B). DOG número 4, de 08-01-2025.

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 8 de xaneiro de 2025, pola que se actualiza o Anexo I incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 9, de 10-01-2025.

- Axencia Instituto Enerxético de Galicia, Resolución de 25 de outubro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas. Anualidade 2025 (código de procedemento IN418E). DOG número 7, de 13-01-2025.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 18 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeneracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeneracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025 (código de procedemento BS508E). DOG número 8, de 14-01-2025.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT235A). DOG número 8, de 14-01-2025.

3. PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DO “SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS URBANOS DO CONCELLO DE CAMBRE EN PERÍODOS VACACIONAIS ESCOLARES (CURSOS 2022-2023 E 2023-2024)”. EXPEDIENTE NÚMERO 2022/C004/00002

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 10 de xaneiro de 2025 (CVD: BZ6VQ6Uj2RTnr0kVxVui), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar o “Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)” a prol do licitador “Hebe Sport, SL”, no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 152.410,40 euros sen IVE, 167.651,44 euros IVE incluído. Exp: 2022/C004/000002.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 10 de maio de 2022 por importe de 7.620,52 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0049 7686 08 2110000166), depositado na Tesourería municipal con data de 12 de maio de 2022 (núm. rexistro 1074).

Vistos o escrito presentado por Don Roberto Villarnovo Suarez, segundo di, en representación da empresa “Hebe Sport, S.L.”, con data 26 de novembro de 2024 (núm. de rexistro de entrada 202499900007479) na que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 28 de novembro de 2024, (CVD: 1bv/Uv7AnNyX+oMjyh69) que, entre outras cousas, di:

“(…)

Transcurrido o prazo de garantía dende a finalización do servizo, e a teor do establecido no artigo 111 da Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de contratos del sector público, o técnico informante fai constar:

Que por parte do informante non se formula ningunha obxeción, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída, polo importe de 7.620,52 euros.

(…)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTIA SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CAMPAMENTOS URBANOS EN DO CONCELLO DE CAMBRE EN PERIODOS VACACIONAIS ESCOLARES (cursos 2022-2023 e 2023-2024) / 2024** emitido pola Interventora Municipal, de data 13 de decembro de 2024, (CVD: m+c3QAIo0FQDRK2yv6JE), no que entre outras cousas di:

“(…)”

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados*

a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: *“La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”*

A cláusula 27 das dos PCA (CVD: O5c5Z2wY3QTdIrbFDCCa) dispón que:

“27. Recepción y plazo de garantía..

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de tres meses a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

La garantía depositada le será devuelta al contratista conforme lo establecido en el artículo 111 de la LCSP.”

De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares e có epígrafe 6 do Cadro de Características, o prazo de duración do contrato establecéuse en dous anos a contar desde o primeiro día do período vacacional seguinte á formalización do mesmo ata o período vacacional de Semana Santa de 2024, incluído. Así pois, sendo un contrato de tracto sucesivo os últimos servizos prestados ao abeiro do mesmo correspóndense coa factura número 2 000127 emitida o 09.04.2024 por importe total de 1.939,96 euros, respecto da cal, consta a conformidade da alcaldesa e do responsable do contrato de data 29.04.2024 (CVD: 6UT8Vt2NFbvyrYXRBNVo) así como informe deste último nos seguintes termos (CVD: qtxJpIIps2QDFGtMTPqV):

"(...) Visto que a factura presentada por HEBE SPORT, S.L., emitida en concepto de "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre no período vacacional de Semana Santa 2024 - CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): 25 marzo-1 abril (4 días)", axústase aos prezos de adjudicación e, visto que a empresa o fixo a satisfacción desta Administración e conforme aos pregos que rexen este contrato, INFÓRMASE favorablemente a factura número 2 000127 por importe total, con IVE, de 1.939,96 euros, con cargo á aplicación orzamentaria "2024 326 22608 Outras actividades culturais e deportivas educación" (...)"

Terceira: O informe asinado o 28.11.2024 (CVD: 1bv/Uv7AnNyX+oMjyh69) polo coordinador de actividades culturais e educativas

De conformidade có informe asinado 28.11.2024 (CVD: 1bv/Uv7AnNyX+oMjyh69) polo coordinador de actividades culturais e educativas:

"(.../...)Transcurrido o prazo de garantía dende a finalización do servizo, e a teor do establecido no artigo 111 da Ley 9/2017 de 8 de novembro, de contratos del sector público, o técnico informante fai constar:

Que por parte do informante non se formula ninguna obxeción, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída, polo importe de 7.620,52 euros. (.../...)"

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV) CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución do aval constituído por Hebe Sport, SL por importe de 7.620,52 € para garantir a execución do contrato de servizo "Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)". Expediente Tedec número 2022/C004/000002.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Santander, S.A. pola entidade Hebe Sport, S.L., con CIF B15890809, por importe de 7.620,52 euros no expediente número 2022/C004/00002, para o “Servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares (cursos 2022-2023 e 2023-2024)”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 10 de xaneiro de 2025 (CVD: BZ6VQ6Uj2RTnr0kVxVui), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA “SUBMINISTRACIÓN POLO SISTEMA DE RENTING DE DOUS VEHÍCULOS PARA USO DA POLICÍA LOCAL DE CAMBRE”. EXPEDIENTE NÚMERO 2018/C005/00003

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 10 de xaneiro de 2025 (CVD: hZCtQps1Z82HLau1fOcJ), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local en funcións, na súa sesión ordinaria de data 28 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar a “Subministración polo sistema de renting de dous vehículos para uso da Policía Local de Cambre” a prol do licitador “Autos Iglesias, SL.”, no prezo ofertado de cuota mensual para cada vehículo de 889,35 euros IVE incluído (735,00 euros sen IVE) e un importe total para dúas anualidades de 70.560 euros sen IVE (85.377,60 euros IVE incluído). Expte: 2018/C005/000003.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 13 de maio de 2019 por importe de 3.528,00 € (inscrito no rexistro especial de



avais co número 0049 7683 76 21100000326), depositado na Tesourería municipal con data de 13 de maio de 2019 (núm. rexistro 882).

Visto que a Xunta de Goberno Local en funcións, na súa sesión extraordinaria do día nove de xuño de dous mil vinte e tres, adoptou, entre outros, o acordo adquirir, en exercizo da opción de compra regulada na cláusula 27 do PCAP, os dous vehículos, para uso da policía local.

Vistos o escrito presentado por Don Jesús María Iglesias Rodríguez, segundo di, en representación da empresa "Autos Iglesias, S.L.", con data 4 de setembro de 2023 (núm. de rexistro de entrada 202399900005850) na que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado por quen foi inspector xefe da policía local, José Abel Patiño García, de data 11 de outubro de 2023, (CVD: RJBjvQG66X5CBen59P7M) que, entre outras cousas, di:

"(...)

Solicitado polo Departamento de Contratación deste Concello informe técnico en relación á solicitude plantexada por D. Jesús María Iglesias Rodríguez, con DNI 33753348C, en representación de "Autos Iglesias SL"; como inspector-xefe da Policía Local informo:

1º. Con data 04/09/2023 o anteriormente identificado presentou por rexistro telemático deste Concello (Nº Rexistro: 202399900005850) unha solicitude na que na súa parte expositiva indica: "Que en mayo de 2019 hemos presentado aval bancario del Banco Santander por importe de 3.528,00 euros para constituir la garantía definitiva del expediente de licitación 2018/C005/000003, contrato de suministro, por sistema de renting de dos vehículos para uso de la policía local de Cambre".

No mesmo documento solicita "La devolución del aval bancario, por finalización del contrato de renting".

2º. No correspondente Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, en concreto na nº 17.1.10, establécese: "Garantía definitiva: El documento acreditativo de constitución de la garantía definitiva por importe del 5 por ciento del importe del precio final del contrato, excluido el impuesto sobre el Valor Añadido, por cualquiera de los medios a que se refiere el artículo 107 LCSP".

3º. Consta no expediente que con data 13/05/2019, a entidade Banco Santander avalou á empresa adxudicataria do contrato, "Autos Iglesias SL", en concepto de fianza definitiva para responder das obrigacións derivadas do presente contrato de subministración ante o Concello de Cambre e por e ata un importe máximo de 3.528,00 euros.

*Visto o anterior e dacordo co establecido no art. 111 da LCSP, unha vez constatada a finalización do contrato que nos ocupa así como o cumprimento satisfactorio do mesmo pola empresa adxudicataria "Autos Iglesias SL"; **proponse a devolución do mencionado aval bancario que ascende á cantidade de tres mil cincocentos vinte e oito euros (3.528,00 euros).***

(...)"

Visto o **INFORME DE FISCALIZACIÓN LMR - DEVOLUCIÓN GARANTIA CONTRATACIÓN - EXPEDIENTE 2018/C005/000003** de carácter favorable emitido pola Interventora Municipal, de data 18 de decembro de 2024, (CVD: ogCa/JdW39Xs3+mXwrVo), no que entre outras cousas di:

“(...)

III) CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO: Segundo a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prazo de vixencia do contrato será de catro anos (48 mensualidades) dende a formalización da acta de recepción (12.07.2019):

“9. Plazo de entrega y ejecución.

El adjudicatario deberá entregar los vehículos de acuerdo con el plazo que figura en el epígrafe 6 del cuadro de características o en el menor plazo ofertado, computado a contar desde la fecha de formalización del contrato en documento administrativo, dándose por entendido que se realiza la entrega en las condiciones necesarias para su inmediata utilización.

El plazo de vigencia de esta contratación será de cuatro años (48 mensualidades), desde la formalización del acta de recepción.

La mora del adjudicatario no requerirá la previa intimación por el Ayuntamiento.

(...)

Dentro del plazo máximo de un mes a contar desde la entrega de los vehículos, deberá formalizarse la correspondiente acta de recepción”

SEGUNDO: Establece o PCAP:

“26. Recepción y liquidación del contrato.

La recepción y liquidación del contrato se realizará de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

27. Posibilidad de opción de compra:

A la finalización del contrato, el Ayuntamiento de Cambre y el adjudicatario podrán acordar la compra de los vehículos, de ambos o de sólo uno de ellos, pagando como precio de compraventa la cantidad fijada como valor residual.

Si se optase por la compra, el Ayuntamiento de Cambre deberá comunicar su decisión por escrito a la empresa adjudicataria con un mes de antelación a la fecha de finalización del contrato y, en caso de optar por la compra, ésta quedará perfeccionada desde el momento en que se produzca el pago a la empresa adjudicataria.

En caso de que a la finalización del contrato el Ayuntamiento de Cambre no opte por la compra de ninguno de los vehículos, se restituirán éstos a la empresa adjudicataria.

28. Plazo de garantía de los vehículos.-

Se establece un plazo de garantía mínimo de los vehículos ofertados de DOS AÑOS. Si la Administración estimase durante el plazo de garantía ofertado por el licitador, (por un mínimo de dos años), que los vehículos suministrados no son aptos para el fin pretendido, como consecuencia de los vicios o defectos observados en ellos e imputables al empresario, y exista el fundado temor de que la reposición o la reparación no será bastante para lograr aquel fin, podrá antes de expirar el plazo de garantía rechazar los vehículos, dejándolos de cuenta del empresario y quedando exento de la obligación de pago, o teniendo derecho, en su caso, a la recuperación del precio satisfecho.

Terminado el plazo de garantía sin que el Ayuntamiento haya formulado reparo alguno, el empresario quedará exento de responsabilidad por los bienes suministrados.”

Por outra parte, en canto a forma de pago, a cláusula 7 establecía polo que respecta ao quilometraxe, que este “(...)se liquidará anualmente, realizando la amortización entre los kilómetros recorridos por cada vehículo y los

que se ofertaron por el licitador como límite de kilometraje anual, o en su defecto, los que se fijaron como estimados en el pliego de prescripciones técnicas del presente contrato.
El exceso de kms. lo abonará el Ayuntamiento, en función del coste por km adicional que el adjudicatario determine en su oferta, mientras que dicho adjudicatario abonará al Ayuntamiento de Cambre los kms. recorridos de menos, al precio/km que igualmente el adjudicatario determine en su oferta.”

Unha vez finalizado o periodo de vixencia requeriuse a Autos Iglesias S.L., mediante resolución do concelleiro delegado da área de seguridade cidadá, patrimonio, turismo, transformación dixital e innovación tecnolóxica num. 1114/2023, de data 28.12.2023, o abono ao Concello de Cambre da cantidade de 1.378,32 euros en concepto de liquidación de quilometraxe, constando o ingreso na tesourería municipal con data 01.12.2023.

TERCEIRO: Informe polo inspector xefe da Policía Local con data 11.10.2023 (CVD: RJBjvQG66X5Ben59P7M), favorable á devolución da garantía definitiva, unha vez transcurrido o periodo de garantía, nos seguintes termos:

“(…)

1º. Con data 04/09/2023 o anteriormente identificado presentou por rexistro telemático deste Concello (Nº Rexistro: 202399900005850) unha solicitude na que na súa parte expositiva indica: “Que en mayo de 2019 hemos presentado aval bancario del Banco Santander por importe de 3.528,00 euros para constituir la garantía definitiva del expediente de licitación 2018/C005/000003, contrato de suministro, por sistema de renting de dos vehículos para uso de la policía local de Cambre”.
No mesmo documento solicita “La devolución del aval bancario, por finalización del contrato de renting”.

2º. No correspondente Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, en concreto na nº 17.1.10, establécese: “Garantía definitiva: El documento acreditativo de constitución de la garantía definitiva por importe del 5 por ciento del importe del precio final del contrato, excluido el impuesto sobre el Valor Añadido, por cualquiera de los medios a que se refiere el artículo 107 LCSP”.

3º. Consta no expediente que con data 13/05/2019, a entidade Banco Santander avalou á empresa adxudicataria do contrato, “Autos Iglesias SL”, en concepto de fianza definitiva para responder das obrigacións derivadas do presente contrato de subministración ante o Concello de Cambre e por e ata un importe máximo de 3.528,00 euros.

Visto o anterior e dacordo co establecido no art. 111 da LCSP, unha vez constatada a finalización do contrato que nos ocupa así como o cumprimento satisfactorio do mesmo pola empresa adxudicataria “Autos Iglesias SL”; **proponse a devolución do mencionado aval bancario que ascende á cantidade de tres mil cincocentos vinte e oito euros (3.528,00 euros).**”

CUARTO: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV) CONCLUSIÓNS

1.- A devolución da garantía informouse con antelación a liquidación definitiva do contrato, por terse ingresado o importe resultante a prol do concello de Cambre, correspondente á liquidación do quilometraxe dos vehículos, con data 01.12.2023.

2.- A devolución da garantía depositada é conforme á lexislación vixente, polo que **se informa favorablemente**.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Santander, S.A. pola entidade Autos Iglesias, S.L., con CIF B27014398, por importe de 3.528,00 euros no expediente número 2018/C005/00003, para a "Subministración polo sistema de renting de dous vehículos para uso da Policía Local de Cambre".

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

